

DECRETO

**EXCMA. SRA. DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, ALCALDESA
PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO**

**ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A
MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARA DAR COBERTURA ÁS
OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO QUE SE DESPRENDEN DA NECESIDADE DE
PROCEDER AO ABOAMENTO DA LIQUIDACIÓN DA ACHEGA QUE CORRESPONDE
AO CONCELLO DE LUGO 2022-2023 -TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA-**

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm.: 31-2024, por un importe total de 1.744,94 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2024 para dar cobertura ás obrigas de carácter económico que se desprenden da necesidade de proceder ó aboamento da liquidación da achega que corresponde ó Concello de Lugo polo período 2022-2023 en relación ó convenio de colaboración suscrito para a prestación do servizo de transporte metropolitano de Galicia, conforme o procedemento de de cálculo a través do sistema informático SITME establecido para a determinación das bonificacións e imputacións ás administracións participantes en dito convenio, resulta que corresponde un importe de 3.744,94 euros

Vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1097/2024, do 24.07.2024 así como o RCMOD núm.: Ref.: 51398/2024, por importe de 1.744,94 € de 23.07.2024.

Vense advertindo pola intervención de xeito reiterado nos últimos tempos sobre a evolución negativa dos principais indiadores e magnitudes económico-financeiras do Concello, e da necesidade de adoptar medidas de contención do gasto non obrigatorio. Por tanto, con independencia de que esta ou sucesivas modificacións de crédito desta tipoloxía sexan viables dende o punto de vista do cumprimento da normativa, recoméndase analizar pormenorizadamente polos órganos xestores a necesidade real de levalas a cabo, no senso de que implicarán a realización dun gasto que doutro xeito podería non executarse, permitindo un aforro, e son indicativas tamén de que se sobrepasaron as previsións orzamentarias en determinadas áreas ou materias neste momento do ano, o que debería merecer unha reflexión máis profunda por parte dos xestores antes de propoñelas.

Non obstante o anteriormente sinalado neste caso concreto, débese considerar que se trata dun importe moi reducido e que, ademais, corresponde a aplicacións da mesma área de gasto, polo que non se afecta a outras áreas ou servizos municipais e unha vez se detraiga da aplicación que cede crédito non poderá esta volver a incrementarse vía transferencias de crédito. Do mesmo xeito debe lembrarse que a modificación ten orixe nas obrigas derivadas dun convenio de colaboración suscrito para a prestación do servizo de transporte metropolitano de Galicia, segundo informe do servizo xestor de 12.07.2024.

Por tanto, vista a inexistencia de crédito a nivel de vinculación xurídica no capítulo 4 do subprograma 4400, así como a dispoñibilidade orzamentaria das aplicacións orzamentarias

Firmado por: ***539*** - MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO (FECHA: 2024-07-26 10:03:04.00)

CVD: K7FCz0Mo8dT5U+fzJUZs

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Nº de decreto/resolución: 6959/2024

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac2576854882395734907.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 31-2024 Transporte Metropolitano

que ceden crédito, sinaladas a continuación, segundo se acredita nos estados de execución orzamentaria, estímase admisible esta transferencia de crédito.

<u>APLICACIÓN S QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓN S QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
44000.22699	1.744,94 €	44000.45001	1.744,94 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	1.744,94 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	1.744,94 €

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 1.744,94 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓN S QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓN S QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
44000.22699	1.744,94 €	44000.45001	1.744,94 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	1.744,94 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	1.744,94 €

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.